



PAGAMENTO DA MATRÍCULA DO CURSO SUPERIOR SOBRE ELABORACIÓN, XESTIÓN E AVALIACIÓN DE ESTRATEXIAS INTEGRADAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (PU18004)

O punto 6 da *Resolución do 5 de marzo de 2018* pola que se convoca o “CURSO SUPERIOR SOBRE ELABORACIÓN, XESTIÓN E AVALIACIÓN DE ESTRATEXIAS INTEGRADAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE” (DOG núm. 53, do 15 de marzo de 2018) establece o importe da matrícula que é preciso aboar para participar no citado curso:

6. Matrícula.

6.1. Importe:

6.1.1. O importe da matrícula é de trescentos cincuenta euros (350 €), salvo o indicado no número seguinte:

6.1.2. Terán un réxime bonificado, cun importe de matrícula de douscentos euros (200 €), todas aquelas persoas solicitantes que se atopen encadradas nas situacións descritas no número 4.1.

PRAZOS PARA O PAGAMENTO DA MATRÍCULA.

De acordo co disposto no número 6.2 da convocatoria:

6.2. Pagamento:

O pagamento da matrícula poderase facer efectivo nun prazo único ou en dous prazos.

*O pagamento, **total ou do primeiro prazo (60 %), deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes á comunicación por parte da EGAP da selección definitiva do alumnado** (e publicación das listaxes definitivas na súa web).*

No caso de optar polo pagamento fraccionado, o 40 % restante farase efectivo entre o 30 de abril e o 4 de maio de 2018.

Unha vez formalizado o pagamento da matrícula, total ou do primeiro prazo no caso de que sexa fraccionado, deberá enviarse xustificante bancario ao enderezo de correo novas.egap@xunta.gal, especificando o nome e apelidos da persoa seleccionada. A formalización da inscrición no curso quedará condicionada ao envío do dito xustificante no prazo establecido.

A EGAP non procederá á devolución das cantidades aboadas en concepto de matrícula no caso de renuncia ou abandono unha vez iniciado o curso.



MODOS DE PAGAMENTO DA MATRÍCULA.

Desde o portal OV Tributaria ten dispoñible o sistema de **autoliquidación de taxas e prezos** para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderá realizar a xestión por vía telemática ou presencial.

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma.

Pode tamén realizar o pago presencial descargando un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

1) Pagamento telemático:

Acceder ao portal OV Tributaria (<https://ovt.atriga.gal/>) e escoller as seguintes opcións:

1. Cidadáns.
2. Pago de taxas e prazos: **Iniciar taxa**

A través desta opción pode pagar con tarxeta e se dispón de certificado dixital, poderá pagar tamén con cargo en conta.

2) Pagamento presencial:

O modelo está accesible desde o portal OV Tributaria (<https://ovt.atriga.gal/>). Poderá cubrir o impreso online ou descargar o modelo en branco para ser cuberto a man.

Para cubri-lo online deberá seguir os mesmos pasos que no anterior punto (pago telemático) e ao final do proceso poderá escoller a opción de pago presencial descargando o modelo en branco no seu equipo.

(Achégase tamén o modelo en branco en documento adxunto por correo electrónico xunto a estas instrucións).

Para a formalización do pagamento, calquera que sexa a forma elixida, lémbrese que deberá empregar os seguintes códigos, no bloque de códigos do impreso de liquidación:



Códigos para pagamento da matrícula do curso PU18004:

Consellería de: Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Código 04
Delegación de: Servizos Centrais	Código 13
Servizo: Escola Galega de Administración Pública	Código 02
Denominación da taxa: Matrículas de cursos da EGAP	Código 360300
Obxecto de pago: Curso superior DUSI (PU18004)	
Importes: - Pago total: 350 € (destinatarios n.º 4.2) ou 200 € (destinatarios n.º 4.1) - Pago fraccionado: • 1º prazo: 210 € (destinatarios n.º 4.2) ou 120 € (destinatarios n.º 4.1) • 2º prazo: 140 € (destinatarios n.º 4.2) ou 80 € (destinatarios n.º 4.1) .	

IMPORTANTE:

Deberá remitirse copia ou xustificante do pago a novas.egap@xunta.gal.

Para calquera dúbida en relación co pagamento da matrícula poden chamar aos teléfonos: 981 54 62 39 / 981 54 62 41, ou ben enviar un correo electrónico ao seguinte enderezo: novas.egap@xunta.gal